

A Coruña, 30 de abril de 2018

Fundación Repsol apoia o concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia dentro do seu compromiso coa cultura galega


Baixo a batuta do director holandés, Otto Tausk, a OSG interpretó tres coñecidas pezas: *O aprendiz de bruxo*, de Paul Dukas, *Concerto nº 3*, de Sergéi Prokófiev e *Le Mer*, de Debussy

Fundación Repsol apoiou, xunto á Refinería, o concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) que terá lugar mañá día 27 ás 20:30 horas no Palacio da Ópera da Coruña.

Nesta ocasión, a OSG interpretou ante máis de 1.000 persoas *O Aprendiz de Bruxo*, de Paul Dukas, o *Concerto nº3* de Sergéi Prolófiev e *Lle Mer*, de Debussy. A Sinfónica de Galicia estivo dirixida polo holandés Otto Tausk e contou co acompañamento da pianista italiana Beatrice Rana.

Comprometidos co talento

Este concerto enmárcase dentro do compromiso que Repsol e a súa Fundación manteñen coa cultura e que ten como obxectivo achegar a música aos cidadáns. En 1998 comezou esta colaboración coa Orquestra Sinfónica de Galicia e desde entón realizouse unha achega de máis de 1 millón de euros para o desenvolvemento do seu labor cultural.



Ademais, Fundación Repsol apoia a formación musical dos máis novos mediante o seu apoio ao programa educativo Son Futuro da OSG. A achega económica da Fundación ascende a máis de 70.000 euros ao ano que se destina ás actividades deste programa, que inclúe as iniciativas promovidas desde a Orquestra Nova e de Nenos, o Coro Novo e os Nenos Cantores da OSG, así como os concertos didácticos para escolares e en familia ofrecidos pola Sinfónica de Galicia.